



□ *entrevista nicolás vidal* □ □ .

“Aínda que a miña profesión sexa outra, a raíz de escribir e participar do mundo literario un vaise metendo no eido do libro e o nacemento da editorial era un proceso natural”. Así fala o escritor Alberte Momán (Ferrol, 1976) sobre a súa nova faceta editorial. O autor de “Erótica” vén de pór en movemento O Figurante Edicións (<http://ofigurante.eu/>).

Que trata de aportar O Figurante que non houbera no panorama editorial galego?

Desde o primeiro momento tiñamos claro que queríamos ser un complemento ao noso sistema literario. Unha parte importante van ser as traducións bilingües e intentar achegarnos ao mercado portugués. Temos unha visión ampla non só reintegracionista, tamén a oficial, pero defendemos unha aproximación tanto lingüística como de mercado con Portugal. Aquí o panorama está máis concentrado e nós vemos unha vía interesante na lusofonía, por iso a páxina web vai ser clave no proxecto.

Porén, comezan cun libro dunha autora francesa.

Si, “Planh”, de Anne-Marie Cazalis. É unha obra espléndida do ano 1944, que estivo agochada e que era moi difícil de conseguir porque saíu pouco antes da invasión nazi a Francia. A edición sae en catro idiomas (francés, galego-portugués, inglés e castelán), e estamos moi contentos porque é unha poesía boísima.

Fáleme do apartado adicado a Ferrol.

Como ferrolán, e dado que a venda é por internet, interesoume contar con libros usados, descatalogados ou de difícil acceso. Sobre Ferrol hai moito publicado e creo que ademais da

miña orixe hai moita bibliografía sobre a cidade, por iso hai un apartado especial adicado a Ferrol.

Que proxectos ten a editorial?

Hai dúas presentacións inminentes. Por unha banda, unha escolma de poetas republicanos irlandeses asasinados na guerra de independencia (1919-1921). Por outra, publicaremos o novo libro da poeta de Valdoviño Verónica Martínez Delgado, feito co que aproveitaremos para presentar tamén a editorial en Ferrol.

E cales son as novidades do poeta Alberte Momán?

Volvín ao eido da narrativa. Dentro da editorial A Porta Verde do 7º Andar vou publicar a novela curta “Vatteme” (vaite, en italiano), unha aposta na liña surrealista de Boris Vian sobre unha viaxe de coñecemento persoal no que se fala das miserias humanas. Sairá en xaneiro. n